

PROPOSTA DA XERENCIA SOBRE OS SISTEMAS DE SELECCIÓN APLICABLES ÁS PRAZAS DA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN PENDENTES DE CONVOCATORIA, DE CONFORMIDADE COA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

1.- Bases legais e orientacións establecidas pola Secretaría de Estado de Función Pública.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro (BOE do 29 de decembro), de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público establece no artigo 2: *“Adicionalmente ao establecido nos artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017 e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadros de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas e estando dotadas presupostariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.”*

No parágrafo segundo, respecto das prazas da taxa de estabilización previstas nas Leis 3/2017 e 6/2018, engade *“serán incluídas dentro do proceso de estabilización descrito no parágrafo anterior, sempre que estivesen incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización e chegada a data de entrada en vigor da presente Lei, non tiveran sido convocadas, ou tendo sido convocadas e resoltas, quedasen sen cubrir”*

No apartado 2 do devandito artigo 2 dispónse. *“As ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022 e serán coordinados polas Administracións Públicas competentes.”*

A Universidade de Vigo, en aplicación do artigo 2 do Real Decreto-lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, xa incluíu na taxa

adicional para a estabilización do emprego da OEP de 2021, todas as prazas que cumpren os requisitos establecidos no apartado 1 do artigo 2 da Lei 20/2021, que son idénticos aos dispostos no Real Decreto-lei, polo que non precisa publicar unha nova OEP antes do 1 de xuño de 2022.

En canto aos sistemas selectivos a aplicar ás prazas da taxa adicional de estabilización, o apartado 4 do precitado artigo 2 da Lei 20/2021 estipula: *“Sen prexuízo do establecido de ser o caso na normativa propia de función pública de cada Administración ou a normativa específica, o sistema de selección será o de concurso-oposición, cunha valoración na fase de concurso dun corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate podendo non ser eliminatorios os exercicios na fase de oposición, no marco da negociación colectiva establecida no artigo 37.1 c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).”*

Por outra banda, de conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 20/2021, con carácter único e excepcional, de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, convocaranse polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

Adicionalmente, consonte á disposición adicional oitava da Lei 20/2021, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.

Debe terse en conta, a efectos do cómputo dos períodos de ocupación de vacantes con carácter temporal para a súa convocatoria por concurso ou concurso-oposición, que nas negociacións cos órganos de representación do persoal de administración e servizos (PAS) das OEP de 2019 e 2021, no relativo á taxa adicional de estabilización, se consideraron os criterios comúns ditados pola Secretaría de Estado de Función Pública (SEFP) en febreiro de 2018, para a aplicación do proceso de estabilización derivado da Lei 3/2017, de 27 de xuño, que determinan no punto 3: *“Dado que a Lei de presupostos establece que poden convocarse no proceso de estabilización*

determinado número de prazas pero non obriga a que a estabilización teña lugar en ditas prazas concretas, non existen obstáculos para ofertar en concurso de traslados aos que xa sexan funcionarios de carreira, estatutarios ou laborais fixos, previamente á adxudicación das vacantes da convocatoria de estabilización, as prazas ocupadas de forma temporal, ou as que se creen a fin de desenvolver este proceso, e ofertar no proceso de estabilización as resultas xeradas en dito proceso. Pero en calquera caso a praza ocupada de forma interina ou temporal debe ser ofertada para a súa cobertura de forma definitiva. Recórdase que o que se estabiliza son as prazas e a súa cobertura, non as persoas". Nos mesmos termos se manifesta a SEFP, no punto 3.6 da Resolución do 1 de abril de 2022, sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da lei 20/2021, do 28 de decembro.

Así mesmo, tamén se considera, no concernente ás prazas ocupadas por persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial, o determinado no punto 1.5 da antedita resolución da SEFP: *"Os procesos de estabilización da Lei 20/2021, do 28 de decembro poderán incluír as prazas ocupadas por persoas que fosen declaradas como persoal indefinido non fixo por sentenza xudicial sempre que as prazas cumpran coa necesaria natureza temporal, de ocupación ininterrompida e carácter estrutural que fixa a Lei".*

2.- Características das prazas a computar.

2.1.-Non incremento de gasto público.

O punto 5 do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, dispón: *"Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se encontren desempeñadas por persoal con vinculación temporal."*

Por isto non poderán ser obxecto de oferta aquelas prazas que teñan reserva de posto a un funcionario ou funcionaria de carreira ou persoal laboral fixo, tanto nos casos nos que exista reserva nese posto, como nos casos en que o nomeamento ou o contratación do persoal

temporal obedeza á substitución de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo en situacións administrativas nas que exista reserva de posto de similares características.

2.2.- Prazas a incluír no proceso da disposición adicional sexta, en virtude da disposición adicional oitava.

A disposición adicional oitava da Lei 20/2021 establece unha categoría de prazas a convocar obrigatoriamente por concurso de méritos, que incluírá *“as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016”*.

A expresa referencia ao carácter vacante das prazas que realiza a disposición interprétase no sentido de que estas prazas adicionais que poden incorporarse ao proceso previsto na disposición adicional sexta non estean afectadas por unha reserva de posto do titular do mesmo, posto que iso suporía o incremento de gasto público, principio que é predicable de todos os procesos de estabilización que se leven a cabo ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

Neste caso, estas prazas vacantes de natureza estrutural son aquelas ocupadas á entrada en vigor da Lei 20/2021 por persoal temporal de longa duración cunha relación de servizos desta natureza anterior a 1 de xaneiro de 2016, aínda cando se sucedesen diversos nomeamentos ou contratos temporais a largo do tempo na mesma administración, estabilizándose a última praza ocupada.

A análise da concorrencia deste suposto realizarase e xustificarse caso por caso.

2.3.- Concepto de ocupación ininterrompida.

Considérase que non supoñen unha interrupción exclusivamente aos efectos de estabilización, os períodos de tempo en que a praza estivese vacante como consecuencia da necesidade de levar a cabo os trámites administrativos correspondentes derivados do nomeamento ou contratación de novo persoal interino ou laboral temporal tras o cesamento do anterior. Neste caso,

considerarase que non houbo interrupción, sempre que a praza volvese a ocuparse efectivamente nun prazo non superior a 3 meses.

Serán obxecto de cómputo, se é o caso, aqueles períodos en que o persoal temporal estivese ocupando postos fóra de RPT mediante contratos para a realización dunha obra ou servizo determinado (artigo 15.1.a do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores), sempre que esas prazas foran obxecto de incorporación á RPT vixente, tanto nos casos en que mantivesen a denominación da categoría como naqueles en que mudou pero é equivalente a unha categoría establecida en RPT, en aplicación o Acordo sobre categorías do PAS laboral do 4 de marzo de 2020.

3.- Sistemas selectivos aplicables ás prazas das OEP de 2019, 2020 e 2021.

En virtude do exposto os sistemas de acceso para as prazas da taxa de estabilización e, se é o caso, para as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial firme, incluídas nas ofertas de emprego público (OPE) de 2019, 2020 e 2021, serán os seguintes:

3.1.-: Oferta de emprego público do ano 2019.

A Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 estipula no artigo 19.9: *“Ademais do establecido no artigo 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente ao menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017 (...). Nas universidades públicas só estará incluído o persoal de administración e servizos.”*

Na OEP de 2019, aplicando a disposto na Lei 6/2018, incluíronse un total de 57 prazas na taxa adicional de estabilización, ao estaren ocupadas de forma temporal desde, como mínimo, o 1 de xaneiro de 2015, polo que todas cumpren o requisito establecido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de estar ocupadas con carácter temporal de forma

ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016. En consecuencia todas as prazas relacionadas deseguido convocaranse de forma extraordinaria e por unha soa vez polo sistema de concurso, en base ao previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP.

		Promoción interna	Acceso libre	
Subgrupo / grupo	Escala/Categoría	Cota xeral	Cota xeral	Cota de reserva para persoas con discapacidade
Estabilización				
Persoal funcionario				
C2	Auxiliar administrativo		34	2
Persoal laboral				
III	Técnico/a especialista de biblioteca	3		1
III	Técnico/a especialista de máquinas e ferramentas		1	
III	Técnico/a especialista de química		1	
III	Técnico/a especialista de taller de técnicas escultóricas e pictóricas		1	
III	Técnico/a especialista de técnicas de artes gráficas		1	
III	Técnico/a especialista de tecnoloxías da información e comunicacións	1	1	
IV	Auxiliar técnico de instalacións deportivas		1	
IV	Auxiliar técnico de información telefónica		1	
IV	Auxiliar técnico de servizos xerais	6	2	1
	TOTALS	10	43	4
TOTAL PRAZAS ESTABILIZACIÓN POR CONCURSO DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª				57

Tamén se convocarán por concurso as dúas prazas ofertadas na OEP de 2019 correspondentes a persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial, ao levar ocupadas temporal e ininterrompidamente con anterioridade ao 1/01/2016.

Persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial OEP 2019			
Subgrupo / grupo	Escala/Categoría	Prazas	Data ocupación vacante estrutural. Adicional 8ª
Persoal funcionario			
C2	Auxiliar administrativo	1	21/07/2004
Persoal laboral			
C2	Técnico/a especialista de biblioteca	1	9/02/2015

A praza de auxiliar administrativo está ocupada de forma temporal desde o 21/07/2004, de conformidade coa sentenza 20/2011, do 9 de xaneiro, do Xulgado do Social nº 2 de Vigo.

A praza de técnico/a especialista de biblioteca está ocupada de forma temporal desde o 9/02/2015, consonte a sentenza 291/2018, do 16 de xullo, do Xulgado do Social nº 1 de Vigo.

A OEP de 2021, resolución do 10 de decembro (DOG do 27 de decembro), dispón no artigo terceiro: *“Todas as prazas publicadas tanto en ofertas anteriores como as relativas a esta oferta, que aínda están sen convocar, de categorías de persoal laboral e que, polo disposto no Acordo de funcionarización suscrito o 5 de xullo de 2021 cos órganos de representación do persoal de administración e servizos e ratificado polo Consello de Goberno na sesión do 27 de outubro de 2021, teñen unha equivalencia nas escalas e subescalas de carácter funcional, convocaranse nun proceso selectivo único acumuladas á escala ou subescala que lles corresponda de persoal funcionario.”*

En virtude do anterior, todas as prazas correspondentes a persoal laboral incluídas na OEP de 2019, convocaranse como prazas de persoal funcionario das escalas e subescalas reflectidas a continuación:

Subgrupo / grupo	Escala	Subescala	Promoción interna	Acceso libre	
			Cota xeral	Cota xeral	Cota de reserva para persoas con discapacidade
Estabilización					
C1	Técnica especialista de biblioteca	Biblioteca	3		1
C1	Técnica media de apoio á docencia e investigación/técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Máquinas e ferramentas		1	
C1	Técnica media de apoio á docencia e investigación/técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Química		1	
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Técnicas escultóricas e pictóricas		1	
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Técnicas de artes gráficas		1	
C1	Técnica media de tecnoloxías da información e comunicacións/técnica	Informática	1	1	

	especialista de tecnoloxías da información e comunicacións				
C2	Auxiliar técnica de servizos xerais	Deportes		1	
C2	Auxiliar técnica de servizos xerais	Información telefónica		1	
C2	Auxiliar técnica de servizos xerais	Conserxería	6	2	1
TOTALS			10	9	2
Persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial					
C2	Técnica especialista de biblioteca	Biblioteca		1	
TOTAL PRAZAS					22

3.2.- Oferta de emprego público do ano 2020.

Das prazas incluídas na OEP de 2020 convocarase polo sistema único e excepcional de concurso a praza correspondente a persoal laboral declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial.

Subgrupo/grupo	Escala/Categoría	Promoción interna	Acceso libre
Persoal laboral declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial			
III	Técnico Especialista de Bioloxía		1

A persoa que ocupa esta praza foi declarada indefinida non fixa pola sentenza nº 706/2019 do 23 de decembro de 2019 do Xulgado do Social nº 5 de Vigo, con antigüidade desde o 11 de xaneiro de 2010.

Conforme ao sinalado no punto 3.1, a praza convocarase como praza de persoal funcionario, encadrada na seguinte escala e subescala.

Persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial OEP 2020				
Subgrupo / grupo	Escala	Subescala	Prazas	Data ocupación vacante estrutural. Adicional 8ª
C2	Técnica media de apoio á docencia e investigación / Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Bioloxía	1	11/01/2010

3.3.- Oferta de emprego público do ano 2021.

Na OEP de 2021, en aplicación do Real decreto lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público incluíronse, na taxa adicional para a estabilización de emprego temporal, un total de 58 prazas vacantes de natureza estrutural dotadas orzamentariamente e que levan ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

Estas 58 prazas reúnen os requisitos establecidos no artigo 2.1 da Lei 20/2021 pero ningunha estaría afectada pola disposición adicional sexta da lei, ao non estar ocupadas con carácter temporal e ininterrompidamente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

Non obstante procede verificar, tendo en conta os criterios sinalados no epígrafe 2 desta proposta, se algunha desas prazas é susceptible de ser incluída na convocatoria única e excepcional de concurso de méritos prevista na adicional sexta en virtude da disposición adicional oitava da precitada Lei, isto é, se as persoas que ocupaban prazas vacantes de natureza estrutural e con carácter temporal a 31/12/2020, ocuparon outra ou outras prazas vacantes de forma temporal e ininterrompidamente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

No seguinte cadro reflíctense o total de prazas correspondentes á taxa adicional de estabilización do emprego temporal, consonte ao establecido no artigo 2 do Real decreto lei 14/2021, do 6 de xullo.

Taxa adicional de estabilización OEP 2021				
Subgrupo / grupo	Escala	Subescala	Acceso libre	
			Cota xeral	Cota de reserva para persoas con discapacidade
A1	Letrados		1	
A1	Técnica superior de servizos xerais	Innovación educativa	1	
A1	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Análise de superficies	2	
A1	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Veterinaria	1	
A1	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Actividades do medio mariño	1	
A1	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Cultivos mariños	1	
A1	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	I+D	3	
A1	Técnica superior de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	1	

A2	Axudante de arquivos, bibliotecas e museos	Biblioteca	3	
A2	Técnica media de servizos xerais	Innovación educativa	1	
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Electrónica e instrumentación científica e de calibración	1	
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Animalario	2	
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Actividades do medio mariño	1	
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Calidade ambiental e histoloxía	1	
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Cultivos mariños	1	
C1	Técnica especialista de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	3	
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Electrónica	1	
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Medios audiovisuais	1	
C2	Auxiliar administrativa	Administración	19	3
C2	Auxiliar técnica de servizos xerais	Deportes	1	
C2	Auxiliar técnica de servizos xerais	Conserxería	8	1
		TOTAIS	54	4
		TOTAL PRAZAS TAXA ESTABILIZACIÓN OEP 2021		58

Das 58 prazas ofertadas na OEP de 2021, convocaranse polo sistema de concurso-oposición previsto no punto 4 do artigo 2 da Lei 20/2021 as seguintes:

Prazas da taxa adicional de estabilización da OEP 2021 a convocar polo sistema de concurso-oposición				
Subgrupo / grupo	Escala	Subescala	Cota xeral	Cota de reserva para persoas con discapacidade
A1	Letrados		1	
A1	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	I+D	2	
A2	Axudante de arquivos, bibliotecas e museos	Biblioteca	3	
C1	Técnica especialista de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	1	
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Medios audiovisuais	1	
C2	Auxiliar administrativa	Administración	18	3
C2	Auxiliar técnica de servizos xerais	Deportes	1	
C2	Auxiliar técnica de servizos xerais	Conserxería	8	1
			35	4
		TOTAL		39

As prazas da taxa adicional de estabilización que se convocarán polo sistema único e excepcional de concurso de méritos establecido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro,, de conformidade co disposto na disposición adicional oitava serán as seguintes:

Prazas da taxa adicional de estabilización da OEP 2021 a convocar polo sistema único e excepcional de concurso				
Subgrupo / grupo	Escala	Subescala	Prazas	Data ocupación vacante estrutural. Adicional 8ª
A1	Técnica superior de servizos xerais	Innovación educativa	1	16/01/2012
A1	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Análise de superficies	1	20/08/2012
A1	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Análise de superficies	1	20/08/2014
A1	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Veterinaria	1	07/04/2015
A1	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Actividades do medio mariño	1	01/08/2010
A1	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Cultivos mariños	1	22/04/2013
A1	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	I+D	1	06/09/2010
A1	Técnica superior de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	1	01/07/2015
A2	Técnica media de servizos xerais	Innovación educativa	1	15/02/2012
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Electrónica e instrumentación científica e de calibración	1	17/03/2014
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Animalario	1	01/12/2015
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Animalario	1	15/12/2015
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Actividades do medio mariño	1	28/02/2014
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Calidade ambiental e histoloxía	1	13/01/2014
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Cultivos mariños	1	22/04/2013
C1	Técnica especialista de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	1	05/05/2014
C1	Técnica especialista de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	1	10/03/2014
C1	Técnica especialista de apoio á docencia e investigación	Electrónica	1	10/01/2011
C2	Auxiliar administrativa	Administración	1	12/11/2012 ¹
TOTAL			19	

¹ A funcionaria interina que ocupa esta praza previamente ocupou prazas estruturais vacantes desde o 12/11/2012, cunha interrupción desde o 14/07/2017 ata o 9/09/2017 na que substituíu a unha funcionaria de carreira nunha praza con reserva de posto. Tendo en conta o

criterio descrito no epígrafe 2.3, dado que esta interrupción é inferior a 3 meses, procede a súa inclusión no sistema de concurso.

Por outro lado, tamén se incluíu na OEP de 2021 unha praza correspondente a persoal declarado indefinido non fixo:

Persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial OEP 2021				
Subgrupo / grupo	Escala	Subescala	Prazas	Data ocupación vacante estrutural. Adicional 8ª
C2	Auxiliar administrativa	Administración	1	01/03/2012

A persoa que ocupa esta praza foi declarada indefinida non fixa pola sentenza 442/2017, do 26 de xuño do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, con antigüidade desde o 1 de marzo de 2012.